



REFRANES, PROVERBIOS Y DECires GALLEGOS

RECOGIDOS

POR EL QUE FIRMA Y NO CONTENIDOS EN LA GRAMÁTICA DEL

SEÑOR SACO-ARCE

(Continuación)

B

Beber sin comer é cegar e non ver.

Bén aúna quén mal pasa.

Bendita sea a tallada que trai outra remangada.

Bén mandado, mal mandado, fágas' o que manda o señor amo.

Bén sabe o démo á quén atenta e a besta á quén léva.

Bén sabe o démo á quén percura e a besta á quen derruba.

Béns de crégos entran po-l-a pórta e sáen po-l-a ventana.

Béns divididos, béns perdidos.

Besta mular, ou comer, ou andar.

Besta parada non fai jornada.

Besta que géme á carga non téme.

Bico con bico, o primeir'ano de boda; o segundo cù con cu e o terceiro
¿que trougéche tu?

Blancura séte faltas disimula.

Boa roupa e boa vida fan á vélla garrida.

Boa vida non quér presa.

Bocado comido non fai amigo.

Bói bravo, rego largo.

Bói morto vaca é.

Bói vezado vólve ó prado.

Brencellao e Caíño os país son d'o viño.

Brétema n'o monte, millor que po-l-a mañan, é po-l-a noite.

C

Cabra coxa non quér sésta e, se a toma, mal lle presta.

Cada país tén seu uso e cada róca seu fuso.

Cada pobre enterra á seu pai como pódē.

Cada un pra sí e Dios pra todos.

Cada un pra sí vale por dóus.

Cada un rasca onde lle prói.

Cal de berzas, cal de papas, ataquemó-l-as barazas.

Caldo sin grasa, pan sin tasa.

Cal n' as uñas, cal n' os pés, hás de tirar á quén és.

Cando a carballeira canta, gusta bén a manta.

Cando as ramas cantan en janeiro, señal de fame en todo o eido.

Cando Dios non quére os santos, non valen,

Cando Dios quér dá-l-a anada, n' a léva vento, nin giada.

Cando eu quéro, nen quóreu elas, e, cando elas quéren, teñio outras idéas.

Cando n' riveira néva, ¿qué fará n' a sérra?

Cando n' o castiñeiro vires candeas, léva ó carneiro a ovella.

Cando non fai vento, non fai mal tempo.

Cando o ano entrare en domingo, vende os boiciños e mércia milliño.

Cando o diñeiro fala, todos calau.

Cando o lobo mata, mata pra todos.

Cando o Pico-Sagro pón capelo, rapazas d' a Ulla, cubride o mantelo.

Cando o Pico-Sagro pón tóuca, auga temos móita, ou póuca.

Cando o sábado chóve e o domingo ante misa, po-l-a semana adiante verás
que risa.

Cando o véllo hincha, lógo rinchá.
 Cando un burro ornea, outro escóita.
 Cando vén o cuco, vén o pan ó suco.
 Can que móito lambe, tira sangue.
 Canto máis caldo, máis sopas.
 Canto máis dán ó tolo, máis quére, ou máis tolo o fan.
 Canto máis un anda n' o monte, máis espiñas cólle.
 Canto menos bulto, máis claridá.
 Carga larga, man n' a illarga. Ó cabo d' o ano, nin béstia, nin carga.
 Caridá sin vanidá.
 Carro derradeiro, ou moi cargado, ou bén valdeiro.
 Casamentos con foguetes acaban con cachetes.
 Casamentos por amores acaban en dolores.
 Casamos unha filla en Lémos. Diablo tiñamos e diablo troujémos.
 Casar, á gusto; vestir, á uso.
 Casar e morrer, unha vés.
 Caves bén, caves mal, cava bén n' o carreiral.
 Cebada d' o dia non fai andar caballería.
 Cóbras en marzo, néve en abril.
 Cóida o ladrón que todos son d' a sua condicion.
 Colcita mollada é media anada.
 Cómese más un dia de sol en febreiro, que cantos caballos tén o reino.
 Comer ben e traballar millor.
 Comerciante e pórco despóis de mórtio.
 Comer e sorber non pódese ser.
 Comer hast' enfermar e gardar dieta hasta sanar.
 Comer pouco e rabo enjoito.
 Compañía co-a mullér.
 Compra que vendas.
 Con abono e réga n' hai mala térra
 Con castañas asadas e sardiñas saladas n' hai ruin viño.
 Consella-te con quén sepa e, se qués acertar, acértas.
 Contas d' a casa non din co-as d' a plaza.
 Contas feitas son medias pagas.
 Contos d' a feira que van pra o mercado.
 Corazon fórtex á seu dono léva á mórtio.
 Crégo feito mullér é.
 Crégo, moi predicadeiro, nin por eso más limosneiro.
 Criado, d' un dia; caseiro, d' un ano.

CH

Chámall' ó gancho cousa tórtta.

Chegar e encher non pôde ser.

Chúvia en marzo nin o mexo d'un rato.

Chúvia n'a semana d'a Ascension cría n'os trigos mouron; pró é un regalo
San Pedro c'o seu jérro, San Cristóbo c'o seu cóbo, Santa Mariña co-a sua
regazadiña, Santiago c'o seu canado, San Lourenzo c'o seu caldeiro penzo,
Nós Señora co-a sua ola é San Miguél c'o seu tonél.

Chúvia n'a semana d'a Ascension, nin boa faba, nin bo melon.

D

Dá Dió-l-as nóces á quén non téu dentes.

Dáme pan e chámame can.

Dam'o cando quixéres e, despóis d'o caldo, nou m'o négués (aludiendo
al vino.)

D'a rapa á rebola veña o démo e escolla.

De ferreiro á ferreiro non córre diñeiro.

Deitarse e non dormir, esperar á quén non chega e sin galardon servir,
cousas son desesperadas, en que non debes cair.

De mañan á mañan pérde o carneiriño a lan.

De marco á marco n' hai arco

De nóite todo-l-os gatos son pardos.

De quén non se pensaba gran pedrada.

De San Miguél á San Miguél deitarse cedo o deixar mullér.

Despós de tocar aleluya, o que teña fame que a sacuda.

Desque se pón o sól pouco dia queda.

Desque un mes média á outro asemella.

De taberneiro á ladron media sólo un escalon.

Diablos comprar e diablos vender.

Dia de Santa Inés chúvia unha sola ves (todo el dia.)

Digoch'o filla entende-m'o norá.

Dixo n'o monte unha vélla: «Vaité, febreiriño corto, c'os teus días vint'e oito, que, si tuveras máis catro, non quedaba can, nin gato. Febreiro contestou moito: «Os teus becerriños oito, deixa que meu hirman marzo hách'os de volver en catro.»

Dixo o viño: «N'o corpo d'o hóme son valente e voante» E dixo o pan: «S'eu vou diante..»

Diós sobre todo e sobre Diós nada.

D'o monte sal o que ó monte queima.

D'o que non sépas non fales, qu'é millor non decir nada, que decir barbaridades.

D'o qu'é tonto e non sabe, teña Dios piedade.

D'os escarmientados sáen os avisados.

Dous Jans e un Pedro fan está-l-o burro quedo.

Dure a mala veciña o que a néve febreiriña.

E

En agosto sól posto, nóite conosco.

En cama molida non se gobérna a vida.

En casa chea lógo se fai a cea.

En coxeira de can e bágoas de mullér n'hai que creer.

En comprar e vender n'hai amigos.

En Déza, nin boa besta, nin boa péza.

En febreiro mete obreiro.

Enxámeo pobre n'o inverno nace e en mayo mórrre.

En janeiro berza vélla val carneiro.

En janeiro pon o alleiro.

En janeiro, séte lobos po-l-o carreiro.

En Lugo, nin boa besta, nin bo burro.

En Mayo, millo sementado, cal enxóito, cal mollado.

En pan encertado corta quén quére.

En tempo de guerra n'hay carta en favor.

Enterro sin choros e romaría sin gaita non tén gracia.

En toda térra espiga o pan.

En todo tratar e pan labrar,

Escribanos e aincixeiras librem's Diós d'as miñas leiras.

¿Estadísticas! en térra allea, que o que millor se confesa, mayor penitencia léva,

Este mundo é un bandallo; chóve n'el coma fóra.
 Esterco de charaméla, todo á candela.
 Esterco de fieito, gran po-l-o peito.
 Esterco de folla, gran po-l-a trola.
 Esterco de gésta, gran po-l-a tésta.
 Esterco de palla' gran po-l-a barba.
 Esterco de silva, gran po-l-a erisma.

MARCIAL VALLADARES.

(Continuará).



En la Administración de esta *Revista* queda abierta la suscripción para erigir un mausoleo á la eminent poetisa gallega Rosalía Castro de Murguía. La lista de señores donantes se publicará en hojas sueltas en los números sucesivos.

Conocido el patriotismo de los suscriptores á esta publicación, creemos inútil excitarlo para que contribuyan en la medida de sus fuerzas á la erección de un monumento que, honrando á la ilustre poetisa, honrará también á los que enaltecen su memoria.

LA CORUÑA

JOSÉ MIGUEZ PEINÓ Y HERMANO, IMPRESORES

San Andrés 98, bajo.

1887